

CCOO seguimos aumentando a nosa forza sindical



**Machús
Fernández
García**

Secretaria xeral da
Federación do Ensino
de CCOO de Galicia

UNHA VEZ que se vai completando o período de eleccións sindicais, comprobamos que CCOO segue consolidándose como primeira forza sindical en todos os sectores do ensino, e en Galicia seguimos mellorando a nosa posición: mantemos o primeiro lugar en PSEC e gañamos representatividade no ensino público e privado en todos os seus niveis.

Seguramente, estes resultados confirman que os nosos pasos e a nosa política sindical van polo camiño correcto, sen tremer ante o Goberno central, con auténtico poder de negociación nas súas competencias e con firmeza ante un Goberno galego que cumpriu hai pouco os dous anos de mandato.

Este período ten pouco balance que presentar, só unha lei, a da chamada «convivencia», innecesaria, que demostrará os seus efectos nocivos; multitude de decretos, ordes, instrucións... que tiveron sempre un punto en común: o desprezo pola participación da Comunidade Educativa.

Non lle imos a negar a esta Consellería que lle tocou facer fronte a situacións económicas pouco favorables, pero si temos que rexeitar de plano os camiños que tomou a súa política de axustes.

Traballo custou lograr un acordo digno en xuño de 2009 sobre agrupamentos de alumnado, aínda así, sendo unha medida razoable e que mellora a atención educativa, incúmrese cada vez que teñen oportunidade.

A partir de aí só tiveron continuidade as negativas, rupturas e desplantes: libros de texto, escolas de idiomas, formación do profesorado, recortes de cadros de persoal, peche de comedores, baixas sen cubrir, supresión de ciclos formativos, incumprimento de acordos retributivos e de paga de antigüidade na concertada... Así que moitas veces non se sabe que é mellor, se que senten a negociar para nada ou que fagan os seus recortes sen avais e sen consultas. Pouco lles importa que o Consello Escolar de Galicia se manifeste en contra de tanta norma de importancia se somete á súa consideración—desde o decreto de plurilingüismo á lei de convivencia—, eles seguirán facendo o que coiden oportuno.

Daquela, sentímolos, pero o conselleiro Vázquez xa é un exemplo ante os seus colegas á hora de recortar servizos, é triste que se lle recoñeza tal mérito alén das fronteiras, por consentir e promover que un dos servizos públicos fundamentais se degrade con premeditación, e moito tememos que pouco ou nada teñen que ver os tempos de crise con estas políticas, os seus correligionarios noutras latitudes xa empezaran a aplicalas en épocas de bonanza.

